

ID#578

Asalo - Mens - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Asunción (75)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

102b

Xastre queroch'un recado
a mais non é de costura
que che quero preguntar
si o mal de amores tén cura.

392

Preguntasme donde veño
e de donde veño vou
veño de cas do ferreiro
que tod'o día malloue.

934

Amoriños amoriños
hainos na beira do río
xa me cago nos amores
e mais en quen os parío.

156

Viva Beo e Seaia
Pontella e Río de Val
o lugariño de Asalo
é a flor da moxedáe.

1032

Esta miñán fun a iauga
nunca tal auga nacera
que me roubaron o mozo
mentras que eu enchín a sella.

2008

Este ano n'hai ameixas
que secano as ameixeiras
pra lle reghalar ós mozos
hai amoras nas silveiras.

523a

Teño unha nena no Couto
outra no Ribeiro d'Avia
e s'a do Couto é bonitiña
ia do Ribeiro lle gana.

ID#578

461a

Vivan os canteiros madre
vivan os da Pontevedra
que fixeron ví-la augha
de Vigho a Redondela.

831c

Olvidachesme por probe
eu por rico te deixei
vale máis un probe honrado
ca rico de mala leie.

98

Tres días hai que non como
senón tonas de limón
pra té-la garganta clara
pa lle falar a Ramónhe.

1171b

Se te pillara no prado
como te pillei máis veces
habíache de seghar
herba pära nove meses.

177a

Para Vigho e Seaia
calquera aire me leva
de Seaia para diante
nin aire nin cousa buenã.

962

O sol da porta non quenta
qu'a min nunca me quentou
o fillo do meu viciño
nunca para min miroue.

1642a

Casadiña de tres días
ónde che van as cores
nin casada nin solteira
nunca chas tuven millores.

922

Hei de ir a San Adrián
que xa non podo faltar
e a Corpos de Málpica
e á persisión do mare.



ID#578

512b

A muller qu'ha de ser miña
ha de té-la man lixeira
e ha de cortá-las rosiñas
sin abalá-la roseira.

207a

O lugariño de Asalo
si é bo porque o fan
se lle botan a nãbiña
tamén dá o azafránhe.

306

O lugariño de Asalo
pasé'o de pedra en pedra
cunha vãriña na man
unha cinta verde nelã.

352

O lugariño de Asalo
por debaixo de la tierra
recuerdos lle hei de mandare.

212

O lugariño de Asalo
pequeniñ'e moi hermoso
que se dá ia xente nel
coma espiña no toxo.

497

Viva Mens e viva Asalo
Barizo se pode ser
entre tóde-los lughares
amoriños hei de tere.

197

O lugariño d'Asalo
tá cercado d'arredor
con mazáns e ameixeiras
todo pärez' unha flore.

220

O lugariño de Asalo
todo é costas arriba
mellor terra para mozos
non a vin nã miña vidã.

ID#578

210

Viva Mens e viva Asalo
terra donde m'eu criei
eu tamén digho que viva
ond'eu amores tomeie.

642

Indo pra Montevideu
hei de chorar a mais ben
polas miñas compañeiras
miro pa tras e non vénhe.

299d

Foches a Montevideu
foches e non viche nada
non viche bailá-lo sol
nunha mazán coloradã.

1507b

Moito me gusta María
no lavar da túa roupa
has de ser miña coñada
se meu irmán non quer outrã.

2151a

Chamacheme moreniña
touche do polvo da ieira
xa me veras ó domingo
com'a ghinda na ghindeirã.

A miñá pandeiretiña
era de cuito da ovella,
inda onte comiu herba
hoxe canta que arrabea.

196c

Este pandeiro qu'eu toco
non é meu qu'é de Mária
que mo deixou ont'á nuite
cando viña da romería.

466b

Debaixo da oliveira
nin chove nin vai orballo
rapaza qu'has de ser miña
non me deas máis traballo.

ID#578



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

...

bonitiña é o remeu
bonitiñas son as cartas
que vén de Montevideu-e.

961a.

Anduvechest'alabando
que tou pai era moi rico
a riqueza de tou pai
lev'a o corvo no bico.

271a

Costureiriña bonita
levam'os bois a beber
pola nai que te pãrío
volverásmos a traere.

100

Costureiriña bonita
paliñeiriña gharbosa
na ihorta da costureira
hei de plantar unha rosã.

112c

Costureiriña bonita
dám'unha aghulla de plata
para quitar unha espiña
do corazón que me mata.

1650b

Eu caseime por un ano
por saber qué vida era
o ano fois'acabando
quén me solteiriña dera.

1743b

Heime de casar cun vello
heime de fartar de rir
heille de poñé-la cama
onde non poda subire.

928a

Miña nai e mái-la túa
foron xuntas á romería
a túa lovouna Dios
a miña Santa Măriã.

ID#578

2152a

Chamasteme moreniña
á vista de tanta xente
ahora vaim'a quedar
moreniña para sempre aí la la.

1459

Miña sogra morri'onte
Dios lle de'a gloria santa
que me deixou por herencia
os orelas dunha manta.

157

Viva Malpica e o Porto
o Ventorrillo i l'Atalaia
que vivan los malpicanos
que es la flor de toda España.

615

... no río
aughiña vaima lavando
que lle hei de botar no medio
amores de contrabando.

1672c

Eu quería-me casar
miña nai non teño roupa
casa miña filla casa
unha perna tap'a ioutrã.

104b

Tod'a miña vida anduven
tras dunha costureiriñã
aghora quedei sin ela
como unha aghulla sin liña.

682

O que fale mal de min
ou da miña compañeira
heille de cortá-la lingua
ca punta dunha tixeira.

1159a

Sementei millo miúdo
na ihorta dunha rapaza
heime de marchar d'España
antes qu'o millo me nazã.

ID#578

789

O meu amor xa marchou
de min non se despediu
estimaba de saber
ónde esta noite dormío.

362

Estimaba de saber
e mais hei de preguntar
s'os mozos qu'andan no baile
eran do noso lughare.

2127

O mozo que anda no baile
si o repararan ben
por debaixo do sombreiro
qué dous ollos pillos ténhe.

513

O amor que ha de ser meu
ha de baixar da montaña
ha de ter cadea d'ouro
na cabeceira da cama.

2024

Qué pereira tan alta
qué peras máis duras tén
de baixo non se lle chega
arriba non vai ninguénhe.

1611

Viñeches á nosa casa
dixeches que non volvías
ind'ás veces que viñeches
do demo falta facías.

2086

O mozo qu'anda no baile
parecía un cabállero
qué ben lle había de tar
pano de sedã ió cuello.

Pano de seda ó cuello
tamén o eu hei de ter-e,
paseo por Buenos Aires
que me lo han de traer-e.

ID#578

1304a

Algún día eras algo
aghora meu queridiño
xa non te queren as nenas
porque vas acãbãdiño.

649

Teño unha nena 'ngañada
miña nai qué lle farei
meu fillo engañã ioutra
esa eu lle päghäreie.

474a

Dáme da pera que comes
da mazán un anaquiño
da túa boc'onha fala
do corazón un cãriño.

361b

Vivan as do noso bando
e as do noso bãndiño
vivan as do noso bando
anque sea pequeniño.

1157b

Chamachesme ätrevidiño
por subir por tu ventana
atrevidos son aqueles
que dormen contigh'en camã.

1372

Querolle ben a miña nai
que llo debo de querere
que me tuvo nove meses
onde ninguén me foi vere.

1634b

O casado quer a casa
o casado casa quer
o casado quer a casa
o solteiro quer mullere.

Heime de casar cun vello
heime de fartar de rir
heille de poñela cama
onde non poda subir-e.

ID#578

Eu cantar non canto ben
pero teño unha de boa
qu' o amor que portende
non quer muller cantadora.

582a

Teño un amor com'on sol
eu a Dios non llo merezo
todos me din que o venda
o meu amor non tén precio.

1706a

Solteiriña non te cases
non déixe-la boa vida
qu'eu ben sei dunha casada
que ta moi arrepentida.

1094d

Amor mío se te vas
deixam'unha prenda túa
deixam'a túa navalla
para picá-la verdura.

1844a

Joseíño meu José
meu rosario de cadea
cando vex'o meu José
vex'a miña casa chea.

2161

À moza que anda no baile
é moreniña da cara
eu non sei qué pode ter
qu'a tod'o mundo ll'ágradã.

773a

Eí che vai meu corazón
por un pano de cereixas
cómo te vas corazón
cómo te vas e me deixas.

2114

As prendas que teño túas
teñoas moi ben ghardadas
prã me recrear con elas
o día das fuliadas.

ID#578

2235b

Adiós Martes de Antroido
adiós meu queridiño
qu'hasta domingo de Pascua
non podó comer touciño.

1028a

Unha nena nunha fonte
por unha verza bebío
a verza taba rachada
toda iaughá lle caío.

1529b

Eu non canto por cantar
nin por devoción que teña
canto por aluviar
corazón de tanta pena.

978b

Onde foches Joseíño
este domingo pasado
os meus ollos non te vino
dentro das portas do adro.

1513

Isca paxariño isca
non me comas as mazáns
que as teño na maceira
pra lle dar a meus irmáns.

1933

O teu paxaro María
mal raio de Dió-lo fenda
por causa do teu paxaro
moscou na miña facenda.

1569a

O río (...) para baixo
leva carballos e follas
tamén podía lovar
as linguas marmuradoras.

Todo o mundo me rexuba
porque son adivertida,
rexubeiras do lughar
ghobernai a vosa vida.



ID#578

144

Voume por aquí áriba
cantando como se usa
quen tén rabia que a roia
quen tén catarro que tusa.

2209a

Ven vé-lo mar queridiña
ven vé-lo mar que devala
se n'o ves da túa porta
vé-lo da miña ventana.

943b

Este ano fun á Barca
pró que vén hei de volver
que me quedou a mântilla
no altar por recollere.

1744

Dun ano a esta parte
ordenaches de casar
pensei de te ver a ghusto
inda te vex'a pesare.

633

Viñeches á nosa casa
marchaches encarraxado
e non deixo de saber
que fuches ã ioutro lado.

O que ten amores lonxe
sono na cama e non dorme
tal fará o que os ten
aló na ría de Corme.

974

(...) rapaza
pasaba noites de frío
dormía catorce noites
com'o lagheiro no río.

818

Manoel Manoeliño
ti Manoel por dónd'andas
non hai tinta nin papel
cand'unha carta non mandas.

ID#578

826c

Escribíache unha carta
si ma ti souberas ler
pro dá-la a ler a ioutro
velaí vai o teu querere.

919c

O cãriño que ch'eu teño
e mái-lo que ch'hei de ter
cabe na casca dun ovo
a mais non a iha d'encher.

553

Eí vén os mozos de Beo
pola costa do Campelo
lovano de capitán
Celestrino de Márcelo.

806a

San Adrián é barqueiro
barqueiro é San Adrián
San Adrián é bärkeiro
que lev'o remo na man.

261

Porto de Malpigu' é triste
o de Corm' é máis alegre
non virá un vento norte
que pãra Corme me leve.

878

Nosa Señora do Faro
fix'unha casa na Illa
para ver ós de Malpica
cómo pescan a sardiña.

879b

Nosa Señora do Faro
tá no alt'e fai que dorme
pro ela ben ve pasar
os măriñeiros prã Corme.

796a

Eu desde aquí ben vexo
o fondo que tén o mar
tamén vexo os meus amores
se lle pudera falare.



ID#578

721a

Olvidacheme olvideite
puxench'os cornos nos ollos
o día que m'olvidaches
xa tomei amores novos.

453a

Esta casa si qu'é casa
esta calecina eu
aquela nena bonita
aquela quiroa eue.

Esta casa si que é casa,
estas si que son paredes,
onte tá el oro y la plata
y la flor de las mujeres.

2186

O sol pensa que me enganñ'
e eu ben lle sei o xeito
cando raia tou na cama
cando se pon xa me deito.

2187

Tamén o sol tá casado
tamén o sol tén mullere
tamén o meu queridiño
pasea por onde quer.

Cantas os ghalos ó día
erghete meu amor e vaite
“¿Cómo m' hei de ir, queridiña,
cómo m' hei de ir a deixarte?”